

As imaxes son o instante detido que se revela en testemuña consecuenta da historia que se queira percibir.

A percepción delas é subxectiva e susceptible ás emocións que elas provoquen aos sentimentos que esperten ou evoquen. A súa contemplación supón unha traizón ao tempo a través da mirada que afonda e abre os ollos cara adentro; a través do estímulo cromático que concede ao branco e negro o afecto, o efecto do memorándum.

Co primixenio intencionamento atlético, a exposición vai máis alá dos nomes e do seu pronunciamento, ou tamén dun recital de feitos laudatorios, quere ela ser expresión das secuencias que permanecen vivas e dignifican o presente. O encontro con cada unha das imaxes e o seu conxunto acadan a magnitude pretendida cando o pensamento as transmuta con unívocos e múltiples significados ou interpretacións.

Poderían estimarse como retratos individuais ou colectivos que activan a memoria para situar a realidade no seu contexto, sentenciar datos e concluir importancia. Retratos de vidas, de tempo entregado que segue medrando no testemuño herdado, nas leccións recibidas, na aprendizaxe interesada e desinteresada, na dinámica necesaria para as continuacións, na exemplificación precusora, na constancia para ilusionar as metas, nas paixóns que crean mundos posibles, no alento que sostén o esforzo ou no sacrificio non pensado.

A vista, artisticamente, dende os clásicos foi considerada o sentido máis privilexiado, porque permite recrear a imaxinación, a sensación e emocións para situarnos na dimensión real percibida.

El factor atlético é o detonante que navega pola memoria, para ancorar, desencorar e, continuar nesta singradura con moitos portos e sen meta trazada

Na voz, reside a concreción do que foi, do que segue sendo...